

Voces sobre a IIª República, represión franquista e resistencia galega (1931-1954)

BERNARDO MÁIZ VÁZQUEZ*

Sumario

Esta entrega ten a súa cerna fundamental nas voces e testemuñas dos protagonistas da resistencia antifranquista galega (hoxe moitas xa desaparecidas), sendo froito dun labor de recolleita que comecei no ano 1974 e que continúo. Son, pois, os propios resistentes os que falan e, polo mesmo, obvio o apoio bibliográfico e o da documentación escrita, ben coñecidos, e pouco espacio dedico ás análises políticas ou da organización guerrilleira.

Abstract

This essay is based on the voices and testimonies of the protagonists of the antifranquist resistance in Galicia. (today many of them have disappeared). These come from a work I started in 1974 and I still continue. The resisters themselves talk. The biographical support and written documents are well known and that is why I dedicate little space to political analysis or guerrillas organization.

1.- NOTA INTRODUTORIA

Abonda nesta introducción lembrar uha vez máis que *“A sublevación fascista do 1936 e a posterior represión abriron un paréntese de corenta anos na historia democrática de Galiza, máis o combate continuou como un río soterrado”*. (“Manifesto Bóveda”, Xuño do 2002).

2.- DE CANDO FOMOS REPUBLICANOS

1.- O tempo da Segunda República española coincidiu cunha xeira politicamente crispada en Europa, nunha onda que nacera coa consolidación da Unión Soviética, continuara coa instalación do fascismo en Italia, e avanzara co corporativismo en Portugal, do nazismo en Alemania e co xermolar doutros autoritarismos noutros lugares, fenómenos dos que España non podía librar.

2.- En palabras de Rafael Dieste a Segunda República *“foi un tempo de esperanza”*, un tempo que abriu posibilidades, deu voz a quen ata entón non tiveran. Foron a penas cinco anos, pero moi fructíferos (escolas, sindicatos, eleccións, cultura, opinión, ...) para a criazón de conciencia colectiva. Pero en moitos lugares de Galiza a modernización da sociedade non comezou verdadeiramente ata o triunfo da Frente Popular en Febreiro do 1936:

“...Aquí seguiron mandando os de antes, seguiron os caciques todos, o párroco, o secretario... O alcalde pasouse ao partido de Lerroux, cos de Pita Romero... Algo cambiou a cousa ao final, cando formaron unha comisión xestora”. (Ernesto Felpeto, labrador, As Pontes).

*Bernardo Máiz Vázquez (1950) é Catedrático de Instituto e Doutor en Historia Contemporánea. Pertence á «Asociación Memoria Histórica Democrática».

“Unha cousa era Vigo, ou Cangas, Redondela, ou eiquí, nestes sitios mirábase un cambio, gobernaban as esquerdas, había reunións, había as casas “del Pueblo” dos socialistas, dos anarquistas... Había folgas, manifestacións... Pero eu ía buscar madeira boa contra a parte de Forcarei e por alá enriba, chegaba ás veces á Estrada e máis alá, e houbo moito fervello en abril do trinta e un, pero astra que chegou o Frente Popular... nadiña”. (Señor Casqueiro, carpinteiro de ribeira, A Seara, Moaña).

“no 1931 en Mugaros colleron a alcaldía os socialistas, e en Ares, en Pontedeume, en Fene, en Ferro... A beiramar sempre che foi un sitio..., non sei, máis progresista que a montaña, é cousa de andar navegando, e das ideas que viñan de Cuba, e das escolas laicas... Claro que tamén influía o Arsenal de Ferrol, ti ten en conta que alí actuaban había moito tempo os sindicatos obreiros”. (Manuel Bastida, plomeiro, Mugaros).

3.- Os gobernos da Segunda República, tanto no 1931 como no 1933 e no 1936, estaban constituídos por representantes de partidos políticos da burguesía máis democrática (Azaña, Casares, Portela,...) ou menos democrática (Lerroux, Gil Robles,...), que se dirixían politicamente ás clases medias (profesionais liberais, pequena burguesía,...), pero todos eles

Sindicato de Oficios Varios de Betanzos
¡TRABAJADORES!
 Por solidaridad con los trabajadores de Betanzos. Por dignidad de clase. Por compañerismo y porque el triunfo corone los esfuerzos de unos hermanos en lucha.
 ¡Boicot y boicot a los productos de la fábrica de embutidos de Bernardino Tejera Cuxeo,
 ¡Solidaridad, hermanos!

temerosos da “*revolución social*” pola que chamaban as organizacións dunha esquerda proletaria que despois da “Revolución” de Outubro do 1934 sufriu unha forte represión.

4.- Á luz da investigación documental e “de campo”, coido (coidamos) foron os sindicatos e as sociedades agrarias (mais que os partidos, caso aparte é o galeguismo) os



Manifestación do 1º de Maio en Lugo na Segunda República.

verdadeiros elementos de dinamización e de transformación ideolóxica e práctica na Galiza do tempo republicano:

“... Con Casares Quiroga había moitos, e con Pita Romero, había un casino republicano, dous ou tres “maestros” socialistas,... Pero os mariñeiros estabamos todos no sindicato da CNT”. (Juan Montero, mariñeiro, Cariño).

“Foi no ano trinta e dous cando a Sindicato de Labradores entrou na UGT.. Viña moito Beade pola casa e entre el e un que viñera de América e era carpinteiro, foron convencendo ao meu pai e a outros dos fundadores”. (Gabriel Muños, escribinte, Abegondo).

“Hóboos virachaquetas por seguir no macho, antes da República, cando a República e despois.... Tiñas que velos, con Lerroux ou con Azaña, os de sempre.... Os señoritos, e outros que non o eran tanto, con Gil Robles, con Calvo Sotelo, facendo piña..... Eiquí había un sindicato da CNT, estabamos os traballadores todos, contra os señoritos”. (Higinio Vázquez, canteiro, Ramirás).

3.- AQUEL VERÁN DO 1936

1.- A sublevación militar-fascista comezou en Galicia o día 20 de Xullo do 1936. Con heroísmo e maior ou menor acerto, persoas mal organizadas e peor armadas tentaron resistir:

“Chegaba pegando tiros a columna militar cando os gardias civiles nos atacaron pola espalda, e xa nada podíamos facer... Eu escapei polo río” . (Xesús Lavandeira, Betanzos).

“...viñeron de Padrón as forzas do exército, gardias civís e falangistas.... Algúns presentáronse e foron paseados, aí nas Romeiras”. (Tomás Hermo, carpinteiro, A Pobra).

“Unha vez caeu Ferrol xa non quedaba esperanza, a única esperanza estaba en que a República gañara a guerra....Cando chegou o exercito a Viveiro e a Ribadeo uns colleron para Asturias e outros tiramos para o monte.” (Alfonso Mier, mariñeiro, Alfoz).

“¿Quen eramos nós, con catro escopetas e dúas pistolas, diante de todo un exército?” (Amador Barcia, labrador, Cabanas).

2.- O mesmo 20 de Xullo comezou a represión. Quince días despois a única oposición aos sublevados estaba nas cadeas, no exilio ou nos montes:

“Andaban atrás nosa, chegaban milicianos de Falange e gardias civiles de Betanzos, mandábaos Becaría e o da ferretería do cabalo, collían xente a valmirón... No inverno do trinta e seis mataron ao meu irmán Antonio, tiña 19 anos e nunca se metera en política ... Un día de decembro vimos que na ponte Xielas había uns armados e eu non baixei, pero Obdulio López Acea si e xa o mataron alí ... Pedro Quintián e Antonio Quintián López escaparon cara Portugal, pero a familia soubo que morreron, e de aquí tamén mataron a Antonio Varela e a Manuel Vidal, e antes ao pai e aos dous irmáns de Obdulio” . (Mariano Barbeito, labrador, Irixoa).

“De Monforte mataron a Don Victor, do sindicato ferroviario colleron a moitos....Metíannos na cadea, mallaban neles e despois paseábanos aló por Paradela, a outros leváronnos a Lugo ... Mataron ao mestre, a uns irmáns de Requeixo, dun que era ferreiro nunca máis se soubo...” . (Modesto López, labrador, Escairón).

“Salvaterra, Arbo, todo dende A Guardia a Pontearreas quedou cheo de mártires polos camiños, nos cemiterios, na ponte de Tui, cando nonos mataban en Vigo, eu estiven preso no Frontón de Vigo e chegaban os falanxistas polas noites buscando xente, levábana, e despois aparecían os mortos aboiando no mar, nas praias, na Madroa”. (Fernando Pita, comerciante, Pontearreas).

“Había unha noqueira gorda, frente ao xulgado mesmo... e alí era onde os guardias cargaban ós homes, cargaban as mulleres e cargaban a todo o mundo, os levaban e veña hostias ós homes, as mulleres, e cortábanlles o pelo a cero, e non penses que nada máis que ao principio, seguiron facéndoo despois”. (José Segade, madeirista, Boiro).

“Tiñamos familia en Vilar de Perdices e fomos alí, había moita xente en Portugal, aló nas aldeas... Eu entón tiña seis anos, nacín no trinta e un, o meu irmau Lisardo tiña sete e Minuca naceu cando fomos vivir a un casal preto de Sendim. Cando chegaban os guardiñas buscando ao meu pai había avisos, el agochábase, pero a outros colléronnos e os entregaban á Guardia Civil,... os metían no convento de Celanova, matábannos”. (Juana Sá, labradora, Baltar)

“O meu pai sempre contou como eu che conto: dicía que o fillo de Don Manuel, que era médico como o pai, chegou con outros dous, debeu ser antes de que acabara o mes do alzamento, e botaron uns días na Illa, pendentes da radio que tiña Don Manuel e do que viña contando el, o meu pai, ía a criada de Don Manuel preguntarlle, e despois falarían entre eles. O caso foi que un día embarcaron con Pepe Búa, fóronse nunha dorna grande con dous homes, e despois os homes volveron coa dorna e dixeron que deixaran aos catro no Oeste, en Catoira...A Pepe Búa seica o mataron, e aos outros tamén, seica un era deputado”. (Lolita Suárez, armadora, Vilaxoán).

“Aparecían moitos mortos nas cunetas, e algunhas mulleres tamén, ninguén os coñecía. Os veciños chamaban ao xuíz e despois cargábannos en carros e os levaban enterrar ao cemiterios...Había un cura que lle chamaban o Tripeiro polo bandullo que tiña e que era moi animal, e cando lle chegaban cos mortos dicía que nonos quería, que os botaran nunha gabia, pero os veciños enterrábannos no cemeterio”. (Fina López, Betanzos).

Sirva como remate deste apartado a traducción dun fragmento dun articulo do redondelán Ignacio Ramonet en “La Voz de Galicia” do 17 de Xullo do 2002: *“O meu pai, cunha quincena doutros rapaces de esquerdas e dúas escopetas de caza, botouse ao monte coa idea de resistir até a derrota da insurrección militar. Pero pasaron as semanas e o golpe de estado fracasado ía converténdose nunha guerra civil de longa duración....A choiva, a fame, as noites no chan sen durmir, a señardade polas familias foron mirrando os ánimos....Unha mañá, ao mencer, a Garda Civil os detivo e os desarmou”.*

3.- Os centos de persoas que conseguiran canear a represión dos primeiros tempos sabían que os alzados estaban exercendo unha represión salvaxe, e que a única posibilidade de librar da morte ou da cadea era a fuxida (houbo fuxidas por mar durante toda a guerra, e despois), a incorporación ao exercito dos alzados (en moitos casos coa intención de pasar ao bando republicano) ou o ocultamento:

“Tiñamos unha cova en Feás pero parabamos moito nas casas....Cando acabou a guerra andaban dicindo que mellor entregarse... Fomos o meu irmán Pedro e máis eu ver ao xuíz de Betanzos, díxome que como eu son da quinta do trinta e sete me presentara na caixa de reclutas da Coruña,... Metéronnos no cárcere, e despois cumplín catro anos nun batallón disciplinario”. (Mariano Barbeito, labrador, Irixoa).

“O mar foi a salvación de moitos....Xuntáronse de Malpica, de Caión, de Laxe, de Muxía.... Igual embarcaron douscentos ou trescentos, ou máis, ¡Eu que sei! Saíron ao mar, primeiro cara fora e despois rumbo norte, uns barcos a Asturias e outros a Francia”. (Suso de Roca, poceiro, Vimianzo).

“O día 21 de agosto do 1937 era luns, avisamos a dous que levaban agachados 13 meses e embarcamos os once, entre nos a miña muller. Ás dúas da noite arrancam os motor e botamos unha hora para saír a mar aberto, despois navegamos dacesete horas a motor e

máis a vela, rumbo Oeste, e despois encalmada dous días. O venres seguimos a vela rumbo Nordeste e na mañanciña do sábado avistamos Francia” (Ricardo Pérez, alcalde de Miño no 1936).

“Marchei co meu cuñado para a casa dos pais del, que eran caseiros duns señores de Lugo, os señores convencéronno para entregarse, sería no trinta e oito, e daquela eu collín unha escopeta na casa dos señores e fun vindo con outros dous para acolá”. (Manuel Penedo, labrador, Guitiriz).

4.- Galiza enteira sufriu a represión, non houbo grupo social ou territorio ao que non chegaran as gadoupas do fascismo, pero, como veremos, o número de vítimas, a análise demográfica e profesional (CADRO I) de quen sufreron a represión máis forte entre 1936 e 1940 e as zonas onde esa represión foi máis virulenta, corresponde coas de máis forte resistencia nos cinco lustros seguintes.

Fagamos só a análise comparativa de dúas zonas de Galiza: como “represión media” consideraremos as cifras do magnífico estudio “*La represión franquista en la provincia de Lugo. 1936-1940*” (Edicións do Castro, 1998) no que María Jesús Souto Blanco recolle 625 vítimas mortais “seguras” na totalidade desa provincia. “Represión alta” está na relación numérica, nominal e biográfica que na Asociación “Memoria Histórica Democrática” estamos a elaborar no ámbito dos 19 concellos dos antigos Partidos Xudiciais de Ferrol e Pontedeume (territorio notablemente menor que a Provincia de Lugo), cunha cifra supera amplamente as 1.000 vítimas “seguras” nese mesmo período 1936-1940, un listado -nunca definitivo- de persoas que foron asesiñad@s.

Sabemos que de dúas mostras non podemos facer unha transposición ao conxunto de Galiza, pero que preto lle anda para construír un friso ilustrativo, aínda que un estudio completo ten que achegar a investigación a Portugal, á nómina de combatientes republicanos executados, aos campos de exterminio nazis, etc. Nesta altura, pois, debemos seguir investigando (entre outros Abad Gallego, Giraldez, Grandío, Lamela, Macía, Nuevo, Pazos, Souto Blanco, Suárez, eu mesmo co colectivo “Memoria Histórica Democrática”, e tant@s máis...) o número de mort@s, rastrexando en Consellos de Guerra, nos rexistros civís e parroquiais, nas memorias, pero nunca poderemos completar as cifras da represión; abonda cun dato: no Libro de Defuncións do Rexistro do Concello de Aranga inscribíron 33 cadáveres de “*desconocidos*” alí paseados entre Setembro do 1936 e Xaneiro do 1938; deles só conseguimos identificar seis.

CADRO I: análise profesional e por sexos d@s asesiñad@s entre 1936 e 1940

PROFESIÓNSEXO	PROVINCIA DE LUGO	EUME-FERROLTERRA
Labregos	50%	30%
Profesións liberais	10%	15%
Empregados/dependentes	9%	11%
“Obreiros”	8%	20%
Marifeiros, pescadores	3%	12%
FFAA e FFSS	1%	9%
Estudantes	4%	3%
Homes	98%	91%
Mulleres	2%	9%

(Souto Blanco, Máiz Vázquez)



Gravado de La Voz de Galicia, 30 de marzo de 1939.

4.- A MECÁNICA REPRESIVA DO FRANQUISMO (1936-1954)

1.- Se Franco tomou o poder matando e seguiu matando ata Outubro do 1975, a dictadura franquista non foi monolítica nas case catro décadas que durou, e a oposición a ela tampouco. Como oposición “activa” e no período que nos ocupa (outra cousa foi a loita intelectual e, mesmo, a non colaboración co sistema) ofreceu case exclusivamente a face do enfrontamento armado.

2.- O franquismo foi sempre ilexítimo, tanto pola súa orixe como polo modo de perpetuarse: en tanto ás súas orixes por conculcar pola forza das armas a abrumadora vontade popular, expresada nas eleccións de Febreiro do 1936; tamén en canto ao seu perpetuamento, pois sabemos que o “Regimen” nunca permitiu eleccións libres, e sempre mantivo formas represivas de domeamento e control. Pero convén subliñar que se o franquismo tiña os seus apoios no exército, na oligarquía económica e na igrexa católica, tamén acougou en amplos sectores das clases medias urbanas e campesiñas, que nel buscaban acomodo.

3.- O control estaba perfectamente artellado na lexislación e (case perfectamente) na práctica pola policía, a Guardia Civil, a “Falange”, o Exército, a Armada, a Organización Sindical, confidentes,...., que conformaban unha tupida rede de noxentas e case sempre impunes complicidades. A relación da lexislación que amparaba esa represión é estremecedora: vixente a “Ley de Orden Público” do 1934 e un “Código de Justicia Militar” que os sublevados aplicaron dende o primeiro día, o “Nuevo Estado” que ían inventando como vencedores foi decoulando leis represivas dabondo claras: “Fuero del

Trabajo” de Marzo do 1938, “*Ley de Prensa*” de Abril do mesmo ano, “*Ley de Responsabilidades Políticas*” de Febreiro do 1939, “*Ley de Unidad Sindical*” de Xaneiro do 1940, “*Ley de Represión de la Masonería y el Comunismo*” tamén do 1940, “*Ley de la Seguridad del Estado*” de Marzo do 1941, “*Ley de Rebelión Militar*” de 1943, “*Código Penal*” do 1944, “*Fuero de los Españoles*” de Xullo do 1945, “*Decreto-Ley sobre Represión del Bandidaje y Terrorismo*” do 1947,....

4.- Nunca foi o franquismo xeneroso cos derrotados. Dende o ano 1939 en diante foron saíndo das cadeas pres@s republican@s, imposibilidad@s polas leis para incorporarse a unha vida normal, e despois foron promulgando indultos só parciais: o primeiro o 9 de Outubro do 1945 (para gañar a simpatía dos Aliados), o segundo o 17 de Xullo do 1947 (pola “*Ley de Sucesión*”), o terceiro o 9 de Decembro do 1949 (polo Ano Santo), o cuarto o 1 de Xaneiro do 1952 (polo Congreso Eucarístico de Barcelona), o quinto o 25 de Xullo do 1954 (polo Ano Santo), etc., pero nunca houbo un indulto político xeral para quen se mantiveran fieis á República, aquel@s que para os vencedores sempre eran “*los vencidos en la Cruzada de Liberación*”.

Para mellor ocasión fica a situación no período 1955-1975, ao longo do que o franquismo amornou as formas represivas, pero mantivo unha dominación máis suíña pero non menos antidemocrática.

5.- A RESISTENCIA

Os apartados anteriores tratan das causas e das orixes. Neste e no seguinte desenvolvo de xeito complementario aspectos da loita armada e da política que noutros relatorios teño analizado amplamente. Vexamos.

Nas circunstancias represivas que vimos de describir no apartado anterior (noutro eido deberíamos deternos na análise da lexislación para a expropiación dos montes en man común, na actuación da Fiscalía de Taxas, nos “anos da fame”, no estraperlo,... tantos outros abusos) era canto menos heroico o valor dos miles de persoas que resistían e combatían, arriscando a vida e a liberdade. Para outra ocasión fica a resistencia intelectual, non menos valiosa.

Outras publicacións deron (e darán) ben cumprida explicación das etapas, agrupacións guerrilleiras, aspectos locais, historias persoais, medios e apoios políticos dende o exterior,.... Esporei unha visión esquemática, pois nesta ocasión tócame o traballo de desenvolver quen eran @s resistentes.

1.- A **primeira resistencia** foi a dos “escapados” ou “fuxidos” que caneaban a persecución. Mal armados, apoiados en moitos casos por familiares e veciños, manténdose moitos preto das súas residencias, ían agrupándose pouco a pouco:

“Non sabemos moito do que pasaba....Si que en Ferrol fusilaban a mazo....O meu primo e máis eu xuntámonos con máis, andabamos de dous en dous ou de tres en tres,... De Soaserra, de Bañobre, algún que viñera de lonxe, da parte de Viveiro, tamén soldados e mariñeiros que desertaran, como o Pandoiro ou Carballeira...eramos moitos, sabemos uns dos outros.” (José Varela, electricista, Vilarmaior).

“Estaba farto de andar agachado como o raposo.... Eramos varios e fixémonos con algún armamento....¡Que merdada de armamento!... Dous mosquetóns, as dúas ou tres escopetas que xa tiñamos, un par de pistolas...” (Amador Barcia, labrador, Cabanas).

“Foron chegando fuxidos de Asturias, cos uniformes e carabinas, foron vindo antes de que acabara a guerra, habíaos que seguían camiño, pero outros enlazaban cos que eran de por

El Guerrillero

N.º 1 - 20 - Noviembre - 47 - Órgano del Ejército Guerrillero de Galicia. 0,50

DEFENDAMOS A LOS LABRADORES DEL VANDALISMO FALANGISTA

El agro gallego es un infierno. De tenciones, apaleamientos, torturas, asesinatos con Ley de Fugas, se suceden sin interrupción. La acusación, con la que los esbirros de Franco, tratan de justificar sus crímenes, es siempre la misma: ayuda a los guerrilleros. Este mismo pretexto, sirve de palanca a los rateros de Abastos para sus latrocinios y a los caciques y usureros para exigir el pago de los forcos.

Las hostias de Franco, están furiosas, porque la ofensiva contra los guerrilleros iniciada en Mayo, ha fracasado. Las expediciones punitivas, con 700 civiles en Freijeiro; con 400 en S. Pedro de Nós; con 500 y un Tabor de Regulares en la Rúa de Petín; con un batallón del Ejército en "La Fraga" del Río Eume; la vigilancia día y noche en caminos y encrucijadas; la prohibición de circular después de las 9 de la noche; la protección de vías férreas cada 200 metros, no les dió resultado.

La rabia de la impotencia obligó a los jefes a revisar sus métodos de lucha anti-guerrillera. Cotardes para enfrentarse con los patriotas armados, deseargan su furia venéfica contra los indefensos labradores, a los que tratan de aterrorizar, con la absurda pretensión de que no ayuden a los valientes guerrilleros. Esa cuadrilla de vándalos del tricogmio, no conocen a nuestros labradores. El resultado de sus crímenes, es que el número de

guerrilleros aumenta, sus acciones se multiplican, y los labradores ayudan y colaboran cada día más.

Ante esta ola de criminalidad franquista contra los indefensos campesinos, nosotros, los guerrilleros, tenemos que responder de manera efectiva, de la única manera posible: cobrando "OJO POR OJO Y DIENTE POR DIENTE". Por cada campesino o patriota asesinado o torturado, dos falangistas o esbirros de Franco, deben pagar con la vida.



La Ley de Talión, aplicada a los verdugos del pueblo, debe ir acompañada de otras medidas. Es preciso estimular y ayudar a los labradores, a la formación de grupos armados en cada aldea, que como reservas guerrilleras actúen ciertos días y a horas determinadas, sin necesidad de abandonar su vida normal. Es preciso intensificar la recluta de nuevos efectivos para las guerrillas, especialmente entre los jóvenes próximos a ingresar en quintas, y estimular a los soldados a la desertión.

Al incremento del terror franquista, hay que responder, golpeado con mayor vigor; extendiendo la lucha a todos los rincones, trabajando incansablemente por enrolar en el combate activo a miles de patriotas.

Este es un deber que nos impone la Patria, y el mandato de los que cayeron luchando por la verdad y la justicia.

eiquí e para a parte de León ...Había algúns con ideas, socialistas, comunistas, xente dura que quería darlle paus aos de Franco” .(Antonia Rodríguez, labradora, Rubiá).

“Varela, o Curuxás que lle decían, traballara nas minas de San Fins, era un home dunha peza, enteiro,... Decía que o que matara debía morrer, ... e facía como decía”. (Salvador Barreiro, ferreiro, Rois).

“Trigo sabía todo do monte, botaba un tempo nunha casa, despois saía cara Viveiro ou para a parte da Cha, facía algo por acolá, foi a Lugo algunha vez, e despois volvía, entobábase”. (Marita Gómez, labradora, Meira).

“O Neira estaba cos irmás Formoso e con algún máis, dous que eran catalás,....Tamén Tembrás e outros. Era xente moi arrecha, moi botada para diante, xa nos anos da guerra andarón a tiros cos de “falange” e cos guardias, mataron varios”. (Daniel Cuña, madeirista, Ouro)

Nunca poderemos ter unha nómina completa, pero sabemos que o número de resistentes nos montes galegos e o d@s republican@s caíd@s na Galiza nos anos da Guerra Civil e inmediatamente despois foi moi alto, segundo extraemos dos centos de Causas Xudiciais de xurisdicción militar que temos esculcado, dos rexistros civís, das noticias de prensa e das testemuñas orais, que serviron para elaborar o CADRO II . Estes primeiros resistentes na súa imensa maioría eran persoas de orixe popular, “con instrucción” , entre os 20 e os 35 anos, cunha maior afiliación sindical que política, e neste caso ás opcións partidarias da esquerda obreira. Máis adiante (Cadros III e IV) comprobaremos como co paso dos anos esas características iniciais dos resistentes tiveron algunha variación.

CADRO II.- Mostra de fuxid@s (150 casos no 1940)

POR IDADE		POR PROFESIÓN		POR AFILIACIÓN	
- 20	11	Labreg@s	49	UGT	31
20-25	35	Mariñeiros	11	CNT	29
25-30	39	“Obreiros”	26	PSOE	22
30-35	28	FFAA/FFSS	20	IR	9
35-40	19	Prof. Liberais	8	PCE	11
40-45	7	Carpinteiros	7	PG-MG	6
45-50	4	“Construcción”	5	POUM	2
50-55	3	Ferreiros	3	UR	2
55-60	3	Comerciantes	4	JSU	13
+ 60	1	Estudiantes	3	JJLL	10
TOTAL	150	Varia ou ind.	14	Indeterminada	41

(Máiz Vázquez)

As persoas analizadas na mostra eran predominantemente varóns (só 15 mulleres) que na súa maioría escapara no verán do 1936, moit@s para ser “eliminadas” nos anos inmediatos. Entre a xente máis nova habíaos desertores en Xullo do 1936, quen refugara da incorporación ao servizo militar ao ser chamados a filas, quen retornara do fronte de

combate e marchara ao monte. Os pertencentes ás Forzas Armadas eran mariñeiros, soldados, cabos, menos suboficiais ou oficiais “de carreira”, entre eles máis da Armada que do Exército e varios chegados a Galiza despois da derrota do Exército da República no fronte Norte. Os membros das Forzas de Seguridade eran Gardas de Asalto, carabineiros, 1 policía e 2 Gardas Cívís; os profesionais liberais da mostra eran 2 mestres, 3 administrativos, 1 médico (quizais practicante ou estudante) , 1 tipógrafo, e 1 perito agrícola.

Axustar a adscrición político-ideolóxica é tarefa complexa. Non hai arquivos fiábeis, polo que fomos peneirando na Prensa do tempo da República, nos Rexistros de Sociedades, nas Causas Xudiciais, na documentación das incautacións do 1936 e na información oral, armando un abano de datos que ás veces son contradictorios: despois dos primeiros meses os represores poucas veces definían a ubicación político-sindical estricta dos reprimidos, pois para eles todos pasaron ser xenericamente “rojos”, “antiespañoles”, marxistas, anarquistas,... Asemade, nos anos da Segunda República era frecuente tanto unha única adscrición (o máis habitual entre os labregos asociados) como a dupla :UGT-PSOE, UGT-PCE, UGT-IR, UGT-PG, UGT-JSU, CNT-PCE, CNT-JJLL, CNT-FAI, FAI-JJLL, JSU-PSOE, JSU-PCE,... Pero no monte todos tiñan o elemento común de andar caneando as gadoupas represivas.

“Os máis estaban moi marcados de cando a República... Da CNT había moitos, pero non eran anarquistas verdá, estaban no sindicato por ser o máis radical, pero votaran nas eleccións, outros eran socialistas e outros nada, de esquerdas e nada máis. Foron ao monte polo moito mal que fixeran aquí os de Franco, e despois os rapaces non querían ir ao servizo. Aquí había vinte e tantos para ir ao servizo, e foron seis ou sete nada máis” (Juan Piñeiro, Cabanas).

Como sabemos, desmanteladas as organización de esquerdas no segundo semestre do ano 1936, as exclusivamente republicano-burguesas (entre elas o PG) e o PSOE desapareceron orgánicamente de Galiza, de xeito que só a CNT e o PCE mantiveron algunha estrutura clandestina, con diferentes traxectorias. A CNT sufriu unha fortísima represión, dedicándose durante os anos da Guerra Civil e inmediatos a artellar con afiliados dos seus sindicatos mariñeiros moitas saídas polo mar de xente que estaba agachada. Quero destacar entre tantas, por que confirma esa solidariedade entre os fieis á República e pola cualificación dos fuxidos (entre outros os alcaldes de Ferrol e Ares, asemade de cadros da UGT e da CNT) a marcha no barco “Ramón” de Ares en Xullo do 1939:

“Preparamos todo moi preparadiño. O barco sempre saía á mesma hora, á noite, e fomos falando uns cos outros, xuntámonos dúas veces para ver quen quería marchar... Fixéronnos uns uniformes de gardias, as camisas de falangistas,...os correaxes fixéronse de tela de saco, e os tricornos de papel charol. Guelfo Rebón visteuse de oficial da Guardia Civil, xuntámonos no castelo de Ares e fomos nun bote a bordo do “Ramón” dando ordenes, encerramos á tripulación e despois embarcaron os demais, era a noite do 20 de Xullo do 1939 e.... O caso foi que chegamos a Francia, ao porto de La Pállice....Franco matou a moitos pero nos salvámonos, eramos vinte sete.” (Juan Castro, miñeiro, Ares).

A represión sobre os cadros máis significados do PSOE e sobre os seus militantes, ademais das fuxidas como as que sinalamos, o ocultamento (p.ex. Ramón Beade), e a

paresia socialista no exilio, deixaron ao PCE como único partido en condicións de sobrevivir e se reorganizar, como veremos.

2.-. A **segunda resistencia** en Galiza ten como protagonista político ao Partido Comunista. Desaparecidos traumáticamente os partidos estrictamente repúblicanos (entre eles o PG) e o PSOE, tamén a CNT ficou desmantelada (ver, por exemplo, e entre outros, a obra “*O Informe Brandariz*” de Emilio Grandío en Edicións do Castro, 2001).

Rematada a Guerra Civil, sen detérmonos nos movementos, alianzas e contraalianzas das organizacións do exilio republicano, sabemos que en Galicia había actividades de espionaxe a favor dos aliados, e que o Partido Comunista de España, primeiro dende a UNE (organizada no exterior en setembro do 1942), e como tal Partido Comunista rematando a IIª Guerra Mundial (1944-1945) e dende entón en diante, teimaba en exclusiva en activar e organizar a resistencia armada interior, enviando “cadros” para a reorganización política (con caídas e depuracións incluídas) e para estruturar a guerrilla (“*Ejército Guerrillero*”, “*Iª-IIª-IIIª-IVª-Vª Agrupación*”), a uns resistentes que nalgúns casos ían cansos despois dunha década no monte:

“Tembrás creo fora do Partido Comunista, antes da guerra, claro..., e algún outro, outros da CNT, socialistas. No monte non había diferencias entre uns e os outros, a cousa era ir aguantando...Total, tanto mataban a uns coma os outros, eles eran republicanos e nada máis... Ir dando tantos en comunistas foi por ser alcuñados deso polos de Franco, pero eso despois,...tamén porque os comunistas eran os únicos que tiñan organización.” (Gumersindo Galdo, mecánico, A Capela).

“Eu vin a Vigo acabando o ano corenta, saín do cárcere o 26 de Novembro....Estaba vixiado, tiña que presentarme cada quince días.... Xa había organización, andaban o Parrillero, Aurelio Gil, Xanote, Quintás,... uns foran do Partido Comunista, outros da CNT, pero todo era un.” (José Prado, Nigrán)

“Despois de escapar do campo de concentración pasamos a Asturias, e despois, no inverno do 1942, nos, os que eramos do PSOE, baixamos á parte do Bierzo... Alí botei un ano, pero non me gustaban algunhas cousas....Facíase un boletín, pero non se distribuía, non había accións, e alí había liortas entre os propios guerrilleiros, así que vin enlazar para Galiza, primeiro co Piloto,...uns meses, de paso nada máis, era pouco serio...Despois



Folla voandeira de 1948.

contactou conmigo Marrofer e foi cando xa constituímos as Agrupacións do Exército Guerrilleiro, o exercito da República”. (Domingo Villar Torres, picador, O Seixo de Mugaros).

“Eu fora do Partido Galeguista e saíra da cadea no 1942, moi vixiado.... No fronte, e no penal, e cando volvíñ, ben vía que os únicos que traballaban eran os comunistas... e cando viñeron falar conmigo aceptei...o meu cuñado fora da CNT, el tamén marchou conmigo....en Xaneiro do corenta e seis, que era feira en Melide, entrei na guerrilla.” (Manuel Fernández, Arzúa)

“Eu ía a Coruña no tren dende Ourense, buscar propaganda e municións... Dende os 13 anos, disfrazado de seminarista...Organizounos Benigno

Fraga, este chegou despois dunha caída que houbera en Ferrol, era maestro armero, transformaba as pistolas normais en pistolas ametralladoras.” (Camilo de Dios, Sandiás).

“Eu non fun á reunión de Bergondo, foron Marrofer e outros máis...Cando volveron dixeron que nos eramos o “Ejército Guerrillero de Galicia”, divididos en agrupacións e en destacamentos, cada un cunha zona para facer accións, con puntos de apoio seguros para poder dar golpes e volver ás bases..... Viñera xente de fora, de Francia e de América, xente preparada. Dende aquela todo tiña que ver xa co Partido Comunista, había un Comité en Lugo, outro en Ferrol, outro en Vigo e así. Faciamos moito e por eso houbo unhas caídas moi grandísimas aló polo corenta e seis, que colleron a Enriqueta Otero e aos do Comité de Lugo e o de Ferrol, veu ao monte moita xente...” (Amador Barcia, Cabanas).

“Eles facían a propaganda, as follas, marcaban obxectivos, eles estaban ao cuberto na Coruña, pero nós dabamos máis golpes, si, claro, pero tamén levábamolos....eles sinalaban tal falanxista, tal dereiteiro, e nos facíamolo...., pero era moitas accións, demais, levabamos moitos anos no monte e aquel facer tantas cousas ía queimando a zona.... Os únicos comunistas de antes da guerra eran tres...Liaron a macana o López e o Julián que encheron o monte de xente, ademais, todo era Partido Comunista por aquí, Pasionaria por alá,...eu cos comunistas ía a calquera parte, pero había cada un que...Da miña vida non tiña que dar conta a ninguén e por tal marchei....Chegou Toñito Paleo coa idea do barco e fomos barrenando nela, a Francia marchamos vintedous, acabando o ano corenta e seis... Houbo que quixo quedar e



Zonas de actuación da guerrilla (1946-1950).



Manuel Ponte Pedreira.

quedou, veteranos e seica foi indo ao monte xente moi nova, de vinte anos ou menos, a eses cazarannos rápido”.
(Manuel Piñeiro, Caracas)



Francisco Martínez Leira, «Pancho».

Nunha dinámica espiral de acción-propaganda, a resistencia armada galega comeza o seu declive nos meses finais do 1948. Dende entón as moitas accións guerrilleiras e propagandísticas (certamente espectaculares) que se produciron tiñan o contrapeso fatídico da militarización, ciadas, infiltracións, promesas de perdón, contrapartidas, delacións, perda de combatentes, por man dun “Regimen” que tiña na guerrilla o único nemigo interior e dispuña dun aparato represivo moi cualificado, dirixido, entre outros, polos Capitanes da Garda Civil Arancivita, Baella e Varela. Nos anos 1950 e 1951 o Partido Comunista artellou dende Francia sacar @s resistentes que quixeron ou poideron. Outros quedaron para morrer, pois a loita armada continuou ata que na noite do día 31 de Decembro do ano 1954 morreu tiroteado na Mediña, Ombre (Pontedeume) Francisco Martínez Leira “O Pancho”.

6.- @S RESISTENTES

Como vimos, nunha xeira de daceito anos como a que analizamos (1936-1954) moit@s guerrilleir@s perderon a vida, outros foron á cadea, marcharon ao exilio, houbo desercións, cambios de zona de actuación, anovación e incorporacións, aillamento e maleantes, infiltrados e colaboradores cos represores, esto último especialmente nos últimos anos da loita armada. Pero sempre @s resistentes armados combatían ao fascismo cun forte apoio popular:

“Había moita xente que estaba con nós, xente libre que nos acollía nas casas, dábanos de comer, faciannos a roupa, facían de enlaces...tamén o médico de Ourol. Sabían que estabamos para defendelos, que loitabamos pola liberdade...O pobo protexíanos, senón sería imposible sobrevivir.” (Domingo Villar Torres).

“Se non fora polos que eramos do “Ilano”, polos enlaces, nada poderían facer...Home, si, ao principio era outra cousa, eu digo cando deron máis en políticos...Coñeciamolos ben, a uns por que levaban no monte moitos anos, a outros por que viñan con eles...Tiñamos señas para saber se eran guerrilleiros ou dunha contrapartida, polo menos por esta parte...A min déronme un billete de peso partido polo medio, e se non viña un co outro medio billete, dixera o que dixera, eu nada” (Mariano Barbeito).

“Eu sei un caso, pola parte de Cadaval, que a guardia civil cercou un monte, meteulle lume por un lado e o capitán Varela mandou á xente toda que foran rozando polo outro para deixar ao descuberto aos guerrilleiros, pero a xente salvounos tapándoos, cortaban toxos e botábanlles por riba...E outro escapou por que escondeu o armamento e o correaxe, e fixo

como que el tamén estaba na estivada.” (Gumersindo Galdo).

“Habíais que andaban de moínantes, xente de pouco fundamento que roubaba para comer, algúns, pero os máis eran de esquerdas verdá, ían limpos, o limpos que podían, claro, afeitados”. (Carmen B., labrega, Coirós).

“Si eu lía no periódico un anuncio de que se vendía papel vello en tal sitio xa sabía que era que había follas para repartir. Si o que era o enlace número “x” levaba ao fútbol un sombreiro en vez de boina, era que había un ferido...E moitas máis señas que non digo, que igual fan falta outra vez” (José Varela).

“Parabamos nas casas...Pagabamos ou non, dependía de se era xente rica ou non...O fundamental era non abusar de quen nos axudaba, pero pasaba que case ningún nos podía axudar moito, eran pobres, e nos non podíamos darlles cartos e ¡jala! , ide á tenda comprar, descubriríanse...Levábamos nos o que requisábamos nas casas dos fascistas, cousas que fora doado levar, xamóns, latas de conserva, así, e nas casas poñían o compango.” (Juán Couto Sanjurjo, A Coruña).

“Había de todo, a fin de contas eran xente normal, uns boiños e outros malos, algúns maleáronse por andar escapados e polas armas,dábanlles poder, pero eu sei casos de abusos, de roubos, que os que eran máis políticos fixeron xusticia nos propios compañeiros”. (Pío Saavedra, Lugo).

“Chegaron á casa coa cara tapada e coas pistolas na mao... O O meu pai vendera dous cuchos e eles sabíanno... levaron os cartos... Nonos coñecemos, non, os gardías dician que si tal, pero ao mellor foron os mesmos gardías,non creo, pero...” (F.F., Curtis).

“Despois da morte de Ponte , e sobre todo despois da caída de Gayoso e Seoane no corenta e oito, pasaron a unha loita ás veces moi intransixente, con depuracións incluídas...Quedaron os medio bandidos como o Foucellas, os militaristas como Moncho, os máis rachados como Pancho, e rapaces novos como o meu irmán, para morrer”. (Francisco Díaz Pan. S. Pedro de Nós, Oleiros)

Como vimos máis arriba (Cadro II), no 1940 a maioría das persoas que resistían no monte eran varóns, novos, de orixe popular e -segundo datos xudiciais/policiais- “con instrucción”, expresión que na época significaba, sinxelamente, que alomenos sabían ler e escribir. Vexamos os cambios que foi habendo entre os protagonistas de cada unha das grandes etapas da resistencia que desenvolvimos no apartado anterior, tendo en conta que a análise do Cadro III corresponde ao momento de maior incidencia guerrilleira, e a do Cadro IV aos anos nos que a guerrilla galega estaba xa moi mirrada, tanto pola acción represiva como polos cambios que comezaban producirse

CADRO III.-Análise por idade, profesión orixinaria e veciñanza (1945-1946)

POR IDADE		POR PROFESIÓN		POR VECIÑANZA	
-20	2	Labreg@s	123	Da zona	109
20-25	36	Mariñeiros	44	Zona inmediata	96
25-30	56	“obreir@s”	95	Da provincia	44
30-35	123	FFAA/FFSS	10	De lonxe (Galiza)	54
35-40	72	Prof. Liberais/estudiantes	18	De lonxe (Ast.,Port.)	12
40-45	34	Carpinteiros	11	De lonxe (España)	5
45-50	12	Construcción	15	De lonxe (Fr., Am.)	10-15
50-55	11	Ferreiros	6	“Grupos volantes”	---
55-60	5	Comerciantes	9	Descoñecida	17
+ 60	1	Varia (chofer,xastre,etc.)	21		
Total	352	Total	352	Total	352

(Máiz Vázquez)

na liña estratexia dun Partido Comunista, que coidaba neses intres que a resistencia armada debía existir só como cobertura das accións a desenvolver noutros eidos.

Relacionando os datos deste Cadro III (no que non están contabilizados, dende logo, todol@s guerrilleir@s, pero si unha importante proporción) cos do Cadro II observamos como aspecto máis salientable a variación nas idades, pois no 1945 son guerrilleir@s que en moitos casos levaban case 10 anos no monte, movéndose maioritariamente por territorio coñecido. Seguen sendo maioritariamente das clases populares (como “obreir@s” incluíu tódol@s asalariad@s con actividade manual, número que vai a máis con tod@s aquel@s, moitos deles enlaces, que marchan ao monte fuxindo das ciadas policiais), das FFAA/FFSS houbera a incorporación dalgúns desertores con armamento, e non deixa de sorprenden o número de estudantes, algún deles coincidente con outras actividades. Analisemos, finalmente, no Cadro IV, as variacións apreciabeis apenas cinco anos despois.

CADRO IV.-Análise por idade, profesión orixinaria e veciñanza (1949-1950)

<u>POR IDADE</u>		<u>POR PROFESIÓN</u>	<u>POR VECIÑANZA</u>		
-20	1	Labreg@s	43	Da zona	31
20-25	18	Mariñeiros	12	Zona inmediata	22
25-30	21	“obreir@s”	31	Da provincia	25
30-35	26	FFAA/FFSS	4	De lonxe (Galiza)	15
35-40	29	Prof. Liberais/estudiantes	5	De lonxe (Ast.,Port.)	3
40-45	32	Carpinteiros	3	De lonxe (España)	6
45-50	7	Construcción	8	De lonxe (Fr., Am.)	2
50-55	5	Ferreiros	1	De “Grupos volantes”	9
55-60	2	Comerciantes	2	Descoñecida	11
+ 60	2	Varia (chofer,xastre,etc.)	15		
Total	143	Total	124	Total	124

(Máiz Vázquez)

Comparando o Cadro IV co Cadro III observamos en primeiro lugar o menor número de resistentes, moi mirrados pola acción represiva, pero asemade destaca –sendo lóxico- que a idade media vaia a máis, e, como destacan as testemuñas, a incorporación numericamente apreciable de xente moi nova, entre eles varios membros das FFAA. Medra no Cadro IV o número de obreir@s como consecuencia do maior implantamento do PCE nas áreas urbanas, e varía a ubicación zonal d@s resistentes.

7.- E A COTÍO A VIDA...

Sexa denominandoos “escapados”, “fuxidos”, “guerrilleiros”, “resistentes”,..., estamos a estudar un fenómeno humano, persoas que en calquer tempo dos que estamos a ver, ademais de combater se formaban, vivían a cotío, se divertían, e amaban.

1.- No referido á formación dos resistentes, sabemos dela tanto pola información oral como polas listas dos obxectos que, ademais de armamento, roupa ou alimentos, requisaba a Guardia Civil cando daba con algún acubillo. Vexamos catro casos en datas e lugares diferentes: Cova en Cerdido (IV-1940) onde había papel de escribir, lápices, un “Manual del mecánico naval” e o Libro “Luís Candelas, el Bandolero de Sierra Morena”. Casa en

Monfero (XII-1941) onde ademais de papel de escribir, plumas e tinta usaban un libro de francés, outro de cálculo e unha libreta con contas. Cabana en Monforte (X-1942) con libretas, libro de xeografía de España, outro de motores e un atlas. No morral dun guerrilleiro morto en Budiño (VIII-1945) había unha libreta con exercicios de ortografía, periódicos, un exemplar resumido de “*El Quijote*”. Despois do ano 1946 ademais de prensa cotiá e algunhas obras literarias (p.ex., “*Aurora Roja*” de Blasco Ibañez, medio libro de “*Cantares Gallegos*” de Rosalía de Castro,...) e técnicas (mecanografía, radiotelegrafía, mecánica...), as requisas incluían exemplares de “*El Guerrillero*”, de “*Mundo Obrero*” e outras publicacións políticas, entre elas textos formativos elaborados polos propios guerrilleiros, deixando neste caso á marxe os materiais dos “aparatos de propaganda” (multicopistas, pranchas, publicacións propias, libros de lectura,...) ocupados especialmente nas caídas sucedidas dos anos 1949 ao 1954.



A información oral abunda na mesma angueira pola cultura, nun primeiro tempo máis cultural que política, e do 1946 en diante máis política:

“Marrofer era fillo do xefe de estación de Oviedo ou de Gijón, non se me acorda, era mestre, morría por ler periódicos..., Dáballes clases a varios, con horario e todo, por grupos según souberan, e os que sabían máis, pois estes dábanlles clase a outros e así.... Había algún que tiña nivel para ir a Santiago e ensinaba aos rapaces das casas nas que paraban....Os máis lían algo, había libros que pasaban duns aos outros, libros das escolas, outros levábannos cando asaltaban as casas dos fascistas... Eu paseilles a xeografía de Eliseo Reclús, pero despois perdeuse nunha acción.” (Antonio Paleo, mariñeiro, S. Cibrao).

“Había algún profesor que era enlace, e viaxantes, e estes dábanlles libros... cando paraban nas casas dicíanlles aos raparigos que lles explicaran cousas da escola... Quintás sempre andaba a voltas cun libro, “La Conquista del Pan”, sabíao de memoria”. (Luís Alonso, A Caniza).

“Coa chegada dos de fora tiñan como cursos, nos sei, clases de política, de organización militar, de uso de armas, practicaban como falarlle á xente, tiñan debates,... Vicente Peña era o comisario político, poñía un tema e discutían, ou un lía en alto algo de política e os demais opinaban,Escoitaban a radio....a das casas e unha que tiñan eles e que lles durou pouco.” (Gumersindo Galdo).

“Houbon un que estudiaba secretariado por correspondencia, un rapaz dunha casa fixo a matrícula e co guerrilleiro facían os exercicios...O rapaz acabou os estudos e entrou en Bazán pero ó guerrilleiro matáronno. Outros aprenderon de zapateiros, de mecánicos.... Don Paco da Mercé curabaos e ensinoulles curas a varios.” (Antonio Ares Abelleira, Ferrol).

2.- Como vemos nas citas anteriores as estadias en casas seguras eran habituais, pasando ás veces longas tempadas nelas, cando non en cabanas no monte, case sempre ocultas en grandes masas de toxos ou xestas. Covas usadas como habitación húbaoas dende os primeiros tempos, pero como as naturais eran xeralmente coñecidas, estas covas eran sobre todo “construídas”, práctica tanto máis habitual canto máis avanzou a organización guerrilleira e especialmente no territorio de actuación da IVª Agrupación. Algunhas covas da Fraga do Eume tiñan varias entradas, tarimas e tabiques de madeira, auga encanada, etc., e outras, situadas en núcleos habitados, unha boca escondida nunha casa e outra cabo dun túnel coa saída lonxe.

“O das covas foi a máis cando chegou xente de fora coa radio e pola imprenta... Os de por aquí estaban nas covas, bases chamabanlles, pero tiñan as súas casas seguras, puntos de apoio, pero foron vindo máis, uns que escapaban e outros que viñan con mando. Estes foron os que foderon todo, non sabían de andar por aquí, nonos coñecía a xente....Sevil e Pepito e eses vivían nas covas do Xavaríz e alí houbo varias asambleas, pero despois os destacamentos marchaban aos seus lugares.” (Ramón García, Eirís)

“Había un falso tabique detrás da cama dun vello que estaba paralítico. Movías o tabique e había un furado, baixabas un pouco e chegabas a unha cova forrada de madeira e con luz eléctrica, alí tiñamos a imprenta, armas. Tiña un tunel duns vinte metros polo que había que ir encrequenado e que cortaba en dúas direccións, unha saía nun cortello e a outra na ribeira. Nunca a colleron” (Antonio Ares Abelleira, Ferrol).

“A entrada estaba nun forno que xa non se usaba, na cociña, e a cova debaixo da casa, pequena, duns dous metros, cun tunel que pasaba por debaixo da carretera e saía ao pe dun coto alto...Cando me colleron deron coa entrada e eles estaban abaixo... Había un guardia de centinela no coto, o primeiro que asomou foi Julián de la Rosa e o guardia ven o via dende arriba, pero moveu a cabeza para que liscara...Escaparon os tres.” (Juan Anido, Mugardos).

3.- Moitas veces traballaban nas casas labregas ou nos oficios que coñecían, e divertíanse cando podían, asistindo a fiadeiros e muiñadas nos lugares acasados onde tiñan seguridade, e onde a miúdo axudaban nos traballos cotiás da labranza. Mesmo, tanto os informes oficiais como moitas testemuñas orais dan conta da asistencia de guerrilleiros a romarías e verbenas:

“Traballabamos na malla, rozando monte, mirando polo gado, era a maneira de pagar algo o moito que nos axudaban....E faciamos festa cando acababan os traballos.” (Amador Barcia).

“Eu sei que Riqueche facía de carpinteiro, paraba na casa dun e amañaba con el os carros que lle levaban, facía mesas, camas, o que fora, e tamén de zoqueiro, dábase xeito coa madeira....Non, claro, ás obras non podía ir.” (Mariano Barbeito).

“O Pandoiro viña á verbena da Virxe da Cela, viña co mosquetón colgado do ombro, co uniforme de soldado, botaba unha pezas e marchaba, matáronno, claro Tamén despois, cando eu volví do campo de concentración, cando xa tiñan outra seriedade, ían aos bailes, eu vin ao Canín con outro nun baile na Ponte da Pedra, e a outros na festa de Grandal e noutras, poñían vixías e bailaban co armamento todo.” (Xosé Maceiras, Paderne)

“Mario era moi festeiro, ía ás festas, as verbenas....Outras veces armaban foliada nunha casa, con xamón e chourizos, e viño, cantando, e con mulleres.” (Agapito López, pegueiro, Manzaneda)

“Eu ía tocando a miña gaitiña por Melide, por toda a Terra Cha, pola Mariña, pola montaña, sempre tocando a gaita nas festas, onde me chamaban ou onde paraba...Tenme

cadrado estar ao cuberto nunha casa e parar alí dous ou tres dos do monte, eu tocaba e cantabamos... E foi o Tembrás e díxome: se ti queres podes axudarnos moito, ti andas por todo, os gardias non desconfían de ti... E eu facíalles de enlace... En Miraz tiñan unha casa segura e alí paraban moito e eu ía e tocaba, emocionábanse coa miña gaitiña.” (Sinforiano Santos, gaiteiro, Friol)

4.- Son complexas as cuestións amatorias, pois as testemuñas manifestan un certo pudor para falar desta cuestión. Entre @s 352 resistentes da mostra do 1945 había 46 mulleres, e quince na do 1949, familiares e mozas dos guerrilleiros varóns, e a elas debemos sumar alomenos 15 casos seguros de mulleres armadas, e moitas outras en funcións de protección e enlace. Nas causas xudiciais hai moitas mulleres detidas polas súas actividades antifranquistas, con acusacións de prostitución contra varias, acusacións que sabemos falsas. Sabemos de relacións libres, doutras abertas e -nalgún caso- promíscuas, mulleres só ”reposo de guerrero”, traxedias e algunha violación (rara e rapidamente castigada pola propia guerrilla), pero máis casos de amores firmes entre a propia xente do monte e entre a do monte e a do “llano”. Para non cansar esporei só tres exemplos:

“Xulgámolo e tocoume a min, leveino diante miña e cruzando unha pontella que hai por alí mandeino parar e metinlle un tiro na cabeza... El ben sabía que ía morrer...Deixamos un letreiro para que todos soberan que pasara.....Violara a unha rapaza e dese xeito violara todo canta parte tiñamos na guerrilla.” (XX)

“Na casa vivían os vellos con dúas fillas, eran xente de esquerdas.... Ao primeiro viñan acollerse na casa, e así fóronlle facendo ás beiras a elas e a unha prima que tiñan, de alí dunha aldea para a parte de...Pero había un falanxista que descubriu aquilo e díxolle á máis nova que ou se deitaba con el ou a denunciaba e ela e a todos, e ela deitouse con el para taparlle a boca, pero el pensou que alí había negocio e se achegou unha noite con outros que eran tan preas coma el, e cadrou que estaban as tres cos seus tres e os falangistas petaron na porta e non lles abriron, e os de dentro saltaron por atrás, pola parte do curral e mataron a dous falangistas pero outro escapou, e despois elas tiveron que marchar con eles ao monte e de dúas non sei máis ...Seica a que era prima morreu coa pistola na man, queimada nunha cabana pola parte de Silán.” (Amadeo Sanmartín, Viveiro).

“Nos coñeciamonos dende pequenos, de sempre...Fixémonos mozos cando eu estaba escapado, era cousa normal, eramos novos...Viamonos ás veces moito e outras pouco, dependía...Cando marchei a Francia ela sabía, e sabía que ela pasaría a Francia despois, cando puidera ser, como foi.” (Amador Barcia).

8.- LEMBRANZA

So ofrezco aquí unha parte mínima dun combate protagonizado por persoas comúns atrapadas no remuíño da historia, sempre vítimas de quen se sublevaran contra o lexítimo goberno da IIª República e se mantiveron no poder antidemocráticamente. A loita armada antifranquista na Galiza foi a máis irtia e dilatada de tódolas terras de España, deixou nas memorias unha fonda pegada de nomes, feitos, accións,..., tanto máis que os historiadores nunca poderemos recoller, e fica en min unha certa acidume ao matinar en tanta xente arriscada e destemida que perdeu a vida, a mocidade, na defensa inxel das liberdades.

Despois destes apuntes remato, con Méndez Ferrín lembrando “*ao pobo que no monte non tivo coutos, foxos, muradelas e foi libre, rebelde...*”